

Mércores, 30 de outubro de 2019

Núm. 209

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBAR O CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E APROBAR INICIALMENTE O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO USO DO EDIFICIO MUNICIPAL DO NÚM. 18 DA RÚA ALTA.

CONCELLO DE VIGO

PATRIMONIO

Expte. 20340-240

E D I C T O

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de outubro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.—Aprobar o CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE O CONCELLO DE VIGO e a DEPUTACIÓN PROVINCIAL transcrito no Anexo da presente.

Segundo.—Aprobar inicialmente o Prego de cláusulas administrativas que rexerá a concesión administrativa do uso do edificio municipal do núm. 18 da rúa Alta, consonte ao texto que figura no Anexo.

Terceiro.—Someter a información pública polo prazo de trinta días o prego de cláusulas administrativas aprobado.

Cuarto.—Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal aos efectos de publicidade.”

Durante o prazo de UN MES, sométese o expediente a información pública para a presentación de cantos documentos ou escritos de alegacións se consideren convenientes, podendo ser examinado no Rexistro Xeral deste Concello, en horario de 9 a 13,30 horas de luns a venres.

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

A Concelleira Delegada de Patrimonio, Patricia Rodríguez Calviño

(Delegacións competenciais por Decreto de Alcaldía e Acordos XGL de datas 18/06/2019, 20/06/2019 e 4/07/2019)

